



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE "Manuel López Navalón"
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROXECTO LECTOR

CEE "Manuel López Navalón"

SANTIAGO DE COMPOSTELA



1.- INTRODUCCIÓN.

Coa Lei Orgánica 2/ 2006 de 3 maio de Educación, aparece o Proxecto Lector de Centro.

Definilo resulta doado, se nos atemos exactamente ás verbas. E un documento referencia para a programación do Plan Anual de Lectura que se incorporará, progresivamente, á Programación Xeral Anual.

Dende o CEE "Manuel López Navalón", iniciamos o desenvolvemento do Proxecto lector de cara a 3 cursos escolares: 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010. Coa pretensión, de favorecer nos nosos alumnos e nas nosas alumnas os hábitos por ler, por escribir, favorecendo as novas tecnoloxías, e todo tipo de informacións. Onde, toda a comunidade docente, se une, tras reflexións conxuntas, cun traballo coordinado e cooperativo, onde tales competencias se desenrolen, dun xeito ameno e sen presións que conleven malos hábitos ou o facer por facer. Facendo un uso literal do Proxecto Lector coma un traballo ben feito, motivante e que enriqueza o proceso de ensinanza-aprendizaxe no que estamos inmersos. Buscando entre todos, desenrolar na escola, a competencia lectora, a competencia literaria, e ensinando a ser críticos coa información que no día a día nos invade por distintos medios.

En definitiva, procuramos neste documento, adquirir unhas competencias básicas de: comunicación lingüística, tratamentos da información cultural e artística e a competencia para aprender a aprender. Fomentando de cheo, a lectura e a escritura, dende o noso centro.

2.- O PROXECTO LECTOR DO CEE "Manuel López Navalón".

O Proxecto Lector do noso centro vai, responder exactamente ás necesidades dos alumnos e as alumnas, ás que damos resposta: as necesidades educativas especiais. Entendidas, en termos da LOE do seguinte xeito:

Por un lado: "Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou o longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta".

E por outra banda: "os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de



aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado”.

Para o desenvolvemento do Proxecto Lector contamos cuns requisitos. Trátase dun proxecto a medio prazo, realista, contextualizado, operativo, flexible, consensuado, que abrangue todos os niveis e etapas educativas, implicando a todo o profesorado e facendo uso da Biblioteca de centro e ou da biblioteca de aula. E que se vai ir incorporando ó Proxecto Educativo do centro, dende os Plans Anuais de Lectura.

E que vai responder a dúas etapas educativas:

Formación Básica e PCPI.

3.- OBXECTIVOS.

Os obxectivos que se establecen para o Proxecto Lector, van ser:

- Fomentar o hábito da lectura.
- Desenvolver a competencia lectora.
- Educar no uso crítico da información de distintos tipos de medios informativos: prensa, radio, televisión, ITC, etc
- Favorecer a competencia literaria, a través de distintos xéneros: poesía, teatro, conto, cómic, etc.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas: lectura, comprensión e expresión.
- Establecer espacios e actividades motivantes.
- Fomentar hábitos do pracer por ler.
- Mellorar a calidade do proceso ensino-aprendizaxe.
- Fomentar os contidos transversais: sexual, vial, paz, consumidor, ...



4.- CONTIDOS

Pártese da base da análise da situación lectora e escritora do alumnado, cos súas dificultades e os seus logros, para determinar os contidos a traballar. A análise do material humano e material do que dispoñemos. E a competencia docente neste plano. A partir de eiquí, establécense os contidos.

Fomentando todo tipo de lectura: novela, teatro, poesía, cómic,...e, aproveitando de cheo, as novas tecnoloxías que resultan moi motivantes. Favorecendo dende todas as áreas educativas e abarcando, polo tanto, todo tipo de contidos,o fomento da comprensión lectora e da expresión escrita. Sen esquecer, a realidade que nos envolve : a sociedade, facendo fincapé nos contidos transversais, que enriquecerán a educación de todo o alumnado.

5.- TEMPORALIZACIÓN

A temporalización que se establece para o Proxecto Lector do Centro vai ser de 3 cursos escolares: 2007-2008, 2008-2009, 2009-2010. Que se concretarán, ano por ano, na programación do Plan Anual Lector. Onde se especificarán ó pormenor os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os recursos, a temporalización, a avaliación, etc. Facendo un traballo programado que nos leve ós froitos propostos.

6.- ESPACIALIZACIÓN

A especialización, ó igual ca temporalización, concretarase en cada Programación Anual do Plan Lector. Favorecendo aproveitar todos os espazos dos que dispoñemos no centro: a biblioteca, o salón de actos, as aulas, os distintos departamentos. Visitas a bibliotecas doutros centros ou doutros concellos, etc

7.- RECURSOS

Contamos con recursos materiais e con recursos humanos. Os recursos humanos de todo o equipo docente, o persoal non docente, e os alumnos e as alumnas, que loitarán pola realidade do Proxecto Lector. Os recursos materiais, cos que contamos, van dende libros, Cd, Dvd, a biblioteca de centro, bibliotecas de aula, biblioteca ambulante, etc que farán palpable os obxectivos propostos.



Nos recursos humano e organizativos contarase con toda a comunidade educativa: o profesorado, os cuidadores/-as, os pais e as nais, o alumnado, etc .Botando man de recursos externos ó centro cando os precisemos.

8.-ACTIVIDADES MACRO

Para a consecución e a realidade dos obxectivos, da especialización, dos recursos, etc. propostos, existen unhas actividades macro que van dar realidade ó Proxecto Lector. Por un lado as bibliotecas: de centro, de aula, a biblioteca ambulante, as bibliotecas do concello, as bibliotecas doutros concellos, campañas de animación á lectura de distintos tipos, o salón de actos, intercambios con outros centros, o que facer diario da aula, etc

Estas actividades iranse perfilando en función da situación, das necesidades, da posibilidade, da eficacia da mesma, ... Sempre tendo moi en conta a situación que nos arroupa, onde estamos e que facemos. De xeito que, se as actividades non cumpren ou non responden inmediatamente terán que se cambiadas, suprimidas, reaxutalas ou modificadas.

Faranse actividades diferenciadas según a etapa educativa á que se vaia dar resposta:

1- Formación Básica:

Os mestres e as mestras adicarán á lectura media hora diaria. Partindo da nosa realidade que os nenos e as nenas, non leen e non escriben, faranse actividades tipo : ler contos moi sinxeliños, a través de imaxes dos libros facer preguntas, traballar con Dvd de contos, ir á biblioteca (do centro), etc.

2- PCPI:

O profesorado das distintas áreas adicará un tempo de vintecinco minutos diarios, este tempo será repartido e adaptado entre o profesorado de cada PCPI (e que se concretará no Plan Anual Lector).

As actividades tipo, que se levarán a cabo, para este alumnado, partindo das posibilidades que temos (algúns non leen nen escriben), irán dende actividades na biblioteca, con xogos de pistas que atopen un libro, ler contos moi sinxeliños polo profesor/-a, os que poidan ler que leen eles, con imaxes e fotos de libros facer preguntas sobre elas, etc.



3- Internado:

Pola parte que compete ó internado, imos facer colaborativamente co educador, actividades a maiores de lectura , con actividades do seguinte tipo: contacontos, contos en Dvd, lerlles libros, ver imaxes e fotos en libros, facer pasatempos, etc. Farase de luns a xoves incluído, durante trinta minutos, favorecendo preferentemente a biblioteca do centro.

Por outra banda, tentarase que a biblioteca do centro sexa nos recreos para todo o alumnado, un lugar de biblioteca- ludoteca , que complete o tempo adicado á lectura.

9.- AVALIACIÓN

Establécese unha avaliación do desenvolvemento do Proxecto Lector, que se presenta, dun xeito, global, continuo, formativo e integradora.

De xeito que permita avaliar punto por punto o proxecto que se presenta, dende o primeiro momento da súa existencia, paso por paso , ata o final de tal proxecto. Con fin, non só de ver os acertos, senón que se valorarán moi polo miúdo os erros. Que permitan aprender de cada un deles, e mellorar o obxectivo primordial: fomentar a lectura entre os nenos e as nenas do noso centro.

Avaliarase tamén, os nenos e nenas, aptitudes e actitudes, atrancos, barreiras, logros, progresos, etc

A todo o equipo docente, expectativas, melloras, atrancos, interés, posta en práctica, etc

E sen esquencer un persoal non docente, que convive no centro, e participa, directa ou indirectamente, nas nosas actividades. Os coidadores, por exemplo, serán obxecto primordial na nosa avaliación. Conviven moitas horas cos nosos nenos e nenas, e son motivo de tal avaliación. Dende o comedor, favoreceremos e avaliaremos as iniciativas cara a proposta lectora, posto que pode ser un oco aproveitado, e non menos interesante que outros puntos citados.

Sen esquencernos nunca, do plano familiar, avaliando as actitudes e aptitudes cara a actividade reseñada.



Considérase necesario que a avaliación do proxecto sexa exhaustiva, tremendamente exhaustiva, que nos dé planos e perfíles que nos permitan, que o Proxecto Lector sexa real e eficaz. Aproveitando os erros e os acertos e mellorar a nosa intención lectora.

10.- CONCLUSIÓN

Sendo conscientes da necesidade palpable, de favorecer o hábito por ler, favorecendo a comprensión, o uso crítico e a competencia literaria, de todo o alumnado. Encontramos no Proxecto Lector unha ferramenta, que amplie as nosas inquiredanzas, ante a lectura.

Preténdese dar saída, neste documento, cos esforzos e a colaboración de todo o equipo docente, a tales propósitos. Loitando e aunando forzas, para que todos os alumnos e as alumnas se beneficien deste Proxecto Lector.

Contando cos recursos humanos e materiais, cos espazos do noso centro, e coas bibliotecas.

E tendo moi en conta a realidade da que partimos: moito do alumnado nen lee, nen escribe, nen existe unha mínima comprensión lectora, nen grao de abstracción.

Sumados estes parámetros, e baixo a coordinación, cítese o Consello Escolar, o Claustro, a dirección, e a coordinadora do Proxecto Lector. Os obxectivos, os contidos e as actividades iranse perfilando sempre en función dos intereses e das respostas que nos vaian dando en cada Programación Anual Lectora e dando sempre o nivel máis alto de motivación que conleven a favorecer de cheo o pracer por ler, o pracer por escribir. Favorecendo este hábitos entre todos e para todos, co fin de aprender a aprender.